




# FERVENZAS DE OIA


Adela Leiro, Mon Daporta



**Distancia:** Oia-Burgueira: 13 km  
Oia-Mougás: 6 km  
A Pé: 12 km (total ida e volta)

**Dificultade:** baixa  
**Duración:** 6 horas

Unha ruta polas fervezas do concello de Oia nos regos de Viladesuso e Mougás, de pequeno percorrido que van directamente ao Atlántico, e do Tamuxe, un afluente do Miño. Para gozar tamén das impresionantes vistas da costa de Baiona e do Esteiro do Miño desde distintos puntos da serra da Groba.



## 1-Río Broi ou Viladesuso

Pequenas fervezas no curso alto do río Broi.

**COMO CHEGAR:**

Na estrada A Guarda-Baiona, cóllese o cruce a Mougás e séguese a estrada que pasa á dereita da igrexa cara ao monte, cóllese a primeira pista de terra que sae pola dereita e en 2,3 km atopamos o río onde se poden ver varios saltos e pozas e un sobreiral. Unha ruta que sube desde Sobral (Viladesuso) segue o río e pasa por varios muíños.

## 2-Pozas de Mougás


Os regos de Mougás e das Pías baixan por rochas graníticas formando pequenas fervezas e pozas rodeadas dunha vexetación de piñeiros e eucaliptos con mato de toxos e xestas.

**COMO CHEGAR:**

Na estrada A Guarda-Baiona, cóllese o cruce a Mougás e séguese a estrada que pasa á dereita da igrexa cara ao monte. A 2,5 km hai un desvío á esquerda que levas ás fervezas. A primeira (rego Mougás) aparece á dereita da pista despois de 1,3 km e as pozas (rego Peiteal ou das Pías) a 2,3 km.




Rego de Viladesuso



Rego de Mougás



Pozas de Mougás



### 3-Pozas do Tamuxe

No río Tamuxe e nun afluente (Alto da Pedrada), no concello de Oia, entre as parroquias de Lourenza e Burgueira.

#### COMO CHEGAR:

Desde Oia ata Burgueira ou desde O Rosal.

Á saída de Lourenza (dirección Burgueira) cóllese un desvío á dereita despois de cruzar unha ponte. Unha pista de terra condúcenos ás pozas despois de 1 km. Río abaixo, onde a estrada cruza o río hai uns saltos máis pequenos.

Para ir ás outras, na parroquia de Burgueira, entre os lugares de Bonaval e A Mouta unha pista de cemento baixa ata a minicentral; 150 metros antes da mesma o río vai moi encaixado, e descer ao seu cauce é practicamente imposible debido á forte pendente, a non ser no inverno que hai menos mato. A ferverza máis importante ten 6 metros en dous tramos xusto debaixo un enorme bloque desprendido sobre o cauce.

Na marxe esquerda, nese mesmo lugar, desemboca o **regato do Alto da Pedrada**, que cae nun salto de 30

